

Non é novo que desde o Museo Thyssen-Bornemisza consideremos as nosas salas como un espazo polo que transitar e onde realizar diferentes percorridos. Sempre buscamos temas, ideas ou motivos que nos permitisen ir dunha obra a outra, sen que a razón fose sempre cronolóxica.

Agora temos unha compoñente nova: tratar de analizar algúns destes camiños de descubrimento e unilos a aquilo que desde a Idade Media se deseñou como un camiño de transmisión de coñecementos e de encontros: o Camiño de Santiago.

O Camiño de Santiago foi declarado Patrimonio da Humanidade e Itinerario Cultural Europeo, e recibiu o título honorífico de «Rúa Maior de Europa», o que demostra a súa importancia como rede cultural europea.

*Os contos do Camiño* é o título do proxecto que realizamos conxuntamente con OQO Editora, La Compagnie Créative, O Bichinho de Conto e o Museo Thyssen-Bornemisza, no cadre do Programa Cultura 2007-2010 da Unión Europea.

A presente guía didáctica está dirixida a profesores e escolares e propón a idea do Camiño como unha enorme rede de cultura humana. As coleccións do Museo inspiráronnos para crear tres percorridos temáticos con este fío condutor:

1

Un labirinto de camiños

2

Viaxes e viaxeiros

3

Abrir camiños

1

---

## Un labirinto de camiños

Neste percorrido proponse a idea do Museo como un labirinto, un espazo no que cada visitante traza o seu camiño e, polo tanto, converte o Museo nun cruzamento de camiños. Proponse tamén a idea do labirinto como xogo e a súa relación con xogos tradicionais como o da oca.

2

---

## Viaxes e viaxeiros

O afán viaxeiro do home levouno ao longo da historia a percorrer países e a crear rutas que estiveron na orixe de descubrimientos e de coñecemento. A través das obras da colección, achegarémonos a algunas dasas grandes rutas, como a Ruta da seda, aprenderemos o que era o *Grand Tour* e veremos os descubrimientos das rutas científicas no continente americano.

3

---

## Abrir camiños

O camiño da historia da arte está sucado por artistas que foron xerando novas vías. Os cambios no pensamento e os cambios estéticos favoreceron mudanzas, ás veces sutís e ás veces radicais, na representación da realidade que nos rodea.

# 1

---

# Un labirinto de camiños

---

Propostas didácticas


## Actividade 1

Investiga a orixe do xogo da oca. Abofé que es quen de localizar obras nas coleccións do Museo que che axuden a construír un xogo da oca. É un traballo que podes das en equipo. Nós xa vos propuxemos algunhas obras, pero sabemos que se poden encontrar máis. Hai outras obras con escenas en que aparecen pozos, ocas, pontes e caveiras; tamén está representado o cárcere e seguro que podes das localizar pinturas que representen un labirinto.

André Derain

*A ponte de Waterloo*, 1906

Museo Thyssen-Bornemisza, Madrid




## Actividade 2

Que relación pode ter o xogo da oca co náutilo? Dámosche unha pista: cómpre que vexas a imaxe do interior do náutilo para entenderes a relación co xogo.

Willem Kalf

*Bodegón con augamanil, froitas, copa nautilus e outros obxectos*, c. 1660 (detalle)

Museo Thyssen-Bornemisza, Madrid



## Actividade 3

O xogo está presente como tema en moitos cadros. A miúdo son obras que agochan diferentes interpretacións. Dúas casas representan os dados no xogo da oca, a 26 e a 56. Os dados simbolizan a sorte e o azar. Sacar un nove ao tirar os dados supón avanzar e evitar os obstáculos do pozo e a caveira.

Aquí amosámosche como exemplo unha pintura da colección onde uns personaxes xogan ás cartas. A nosa proposta é que localices máis obras en que os xogos estean presentes e que te pregantes que significado ten o xogo en cada unha delas.

Balthus

*A partida de naipes*, 1948-1950

Museo Thyssen-Bornemisza, Madrid



#### Actividade 4

Moitos peregrinos continuaban o camiño despois de chegar a Santiago. Dise que seguían as estrelas da Vía Láctea pola noite e o camiño migratorio dos gansos durante o día ata chegaren ao lugar que os antigos romanos consideraban a fin da Terra.

Investiga sobre o significado desta obra de Joseph Cornell. Pensas que se pode establecer unha relación entre *Burbulla de xabón azul* e o Camiño de Santiago? E co xogo da oca?

Joseph Cornell  
*Burbulla de xabón azul*, 1949-1950  
Museo Thyssen-Bornemisza, Madrid





DG Educación y Cultura

Programa Cultura

Organiza:

educa●●●  
thyssen

OQO editora



O BICHINHO DO CONTO  
editora



Colabora:



XACOBEO 2010  
Galicia

# Os contos do Camiño

Que é o Museo senón un labirinto? Un espazo en que cada visitante traza o seu camiño e, en definitiva, un cruzamento de camiños. Se imaxinamos unha viaxe no Museo, un percorrido desde o segundo andar ata o baixo, estaremos a trazar un itinerario no tempo con forma de espiral, unha viaxe en bucle ilustrada polas imaxes dos cadros.

Algúns estudosos aseguran que as principais rutas do Camiño de Santiago son, pola súa parte, herdeiras de rutas moito más antigas, como a das estrelas que coincide coa Vía Láctea e que os viaxeiros seguían pola noite, ou o camiño migratorio dos gansos, que podían seguir durante o día. Dise que ambos os dous camiños conducían a Fisterra ou *finis terrae*, onde estaba erixida a *Ara Solis* no lugar onde se puña o sol. Alí estaba situada a fin do mundo coñecido.

# Un labirinto de camiños

Emil Nolde  
*Ponte na marisma*, 1910  
(detalle)

Isaack van Ostade  
*Camiñante á porta dunha cabana*, 1649  
(detalle)

Duccio di Buoninsegna  
*Cristo e a samaritana*, c. 1310-1311  
(detalle)

Frank Stella  
*Sen título*, 1966  
(detalle)


Theo van Rysselberghe  
*A porta de Al-Mansour, Meknès, Marrocos*, 1877  
(detalle)

Edvard Munch  
*Gansos nunha horta*, c. 1911  
(detalle)



Emil Nolde  
*Ponte na marisma*, 1910

Óleo sobre lenzo. 73 x 89,5 cm  
Colección Carmen Thyssen-Bornemisza, en depósito  
no Museo Thyssen-Bornemisza, Madrid



*Empregando a nosa imaxinación, a estrutura do museo convértese nun gran taboleiro da oca. Para darrle forma, foron seleccionadas unha serie de obras que se poden relacionar cos motivos principais do xogo.*

*A ponte sitúase nas casas 6 e 12, permite salvar os obstáculos, significa cruzar unha barreira, une o que está separado ou afastado, pero esta aprendizaxe ten un prezo a pagar.*

---

A idea de ponte tamén está presente na historia da arte. En 1905 xurdiu en Alemaña un grupo de mozos pintores que se denominaron *Brücke* [Ponte]. O seu obxectivo era exceder o curso da súa época e atinxir a outra beira da arte. Emil Nolde incorporouse ao grupo en 1906 e permaneceu no mesmo aproximadamente un ano. A técnica de Nolde e a súa temática centrada na paisaxe resultou unha contribución importante para o *Brücke*.

*Ponte na marisma* reflicte a paisaxe da Frisia setentrional, onde Nolde pasaba por entón os veráns. O elemento central da composición é o camiño que avanza en diagonal, atravesa a ponte e pérdese no horizonte. A maneira en que se propuxo o camiño convida o espectador a penetrar na paisaxe e percorrela.

Isaack van Ostade  
*Camiñante á porta dunha cabana*, 1649

Óleo sobre táboa. 48,3 x 39,4 cm  
Museo Thyssen-Bornemisza, Madrid



A pousada é a casa 19 e simboliza o descanso para repor forzas e poder emprender de novo o camiño. O descanso tamén implica un atraso na nosa viaxe, en atinxir a fin da mesma. Enténdese tamén como un lugar pracenteiro que nos pode distraer do noso obxectivo.

Nesta obra titulada *Camiñante á porta dunha cabana* podemos ver unha sinxela escena de conversación entre o camiñante e os habitantes da cabana. Rodeada dunha vexetación exuberante, na cabana vive unha familia formada por unha muller, que aparece sentada á entrada co seu labor a un lado, un neno que agocha a cabeza no seu colo e o home que asoma polo van da porta dobre.

O home que se detén a conversar coa familia de labregos ten que ser un viaxeiro, un peregrino ou un xornaleiro que vai alí onde encontra traballo. A súa indumentaria sinxela, o zurrón e a mochila ao lombo e o calzado desgastado delatan o seu status social.

Duccio di Buoninsegna  
*Cristo e a samaritana*, c. 1310-1311

Témpera e ouro sobre madeira. 43,5 x 46 cm  
Museo Thyssen-Bornemisza, Madrid




O pozo é a casa 31. Caer nella supón ficar dentro do pozo ata que alguén mais caia e te rescate. O pozo simboliza o erro e o perdón, e aparece antes da oca.

Para o noso taboleiro escollemos esta táboa de Duccio di Buoninsegna, titulada *Cristo e a samaritana*. Esta obra recolle un episodio do Novo Testamento onde se narra o encontro de Xesús cunha muller na cidade de Sicar, en Samaria.

Xesús estaba sentado no peitoril do pozo de Xacob esperando polos seus discípulos, que entraran na cidade para buscar alimentos. Alí discorre o diálogo entre Xesús e a samaritana. Xesús dille: «Dáme de beber», e ela sorpréndese de que, sendo xudeu, lle pida auga a ela, que é samaritana. Xesús fala da auga viva, a auga que el ofrece e que proporciona a vida eterna. Duccio utiliza a comunicación a través dos xestos das mans para representar o diálogo entre Xesús e a samaritana.

Frank Stella  
*Sen título*, 1966

Pintura acrílica sobre lenzo. 91,5 x 91,5 cm  
Museo Thyssen-Bornemisza, Madrid



*O labirinto é a casa 42. Quen se perdeu nel, terá que saltar á casa 30, xusto antes do pozo e a piques de atinxir a oca. Tense identificado o labirinto coa Torre de Babel, a confusión dos camiños físicos, dos idiomas e das ideas.*

Encontramos a forma dun labirinto na obra abstracta de Frank Stella *Sen título*. A composición é moi sinxela, son cadrados concéntricos que a través dos cambios de cor xeran un movemento en espiral que pode continuar alén dos límites do cadre.

O cadre é sinxelo tamén no referente ás cores: branco, negro e distintas tonalidades de gris. Aparecen marcadas en ocre as liñas que delimitan os lados e as que establecen as diagonais. O xogo de alternancia de cores provoca un efecto óptico que crea unha sensación de profundidade no lenzo, facendo que a nosa vista se dirixe cara ao centro do cadrado.

Theo van Rysselberghe  
*A porta de Al-Mansour, Meknès, Marrocos, 1877*

Óleo sobre lenzo. 40,5 x 61 cm  
Colección Carmen Thyssen-Bornemisza, en depósito  
no Museo Thyssen-Bornemisza, Madrid



*A casa 63 é a porta do xardín, a entrada ao xardín da oca e, na nosa particular viaxe, a entrada á cidade de Santiago. Para entrar, hai que obter o número exacto, é a fin da viaxe. Chegar ao Pórtico da Gloria, a porta principal da catedral de Santiago, era chegar á Civitas Dei, o Xerusalén celeste na Terra. Atravesar esa porta significaba que se atinxira outro nivel e que comezaba unha viaxe diferente.*

O pintor belga Theo van Rysselberghe viaxou en numerosas ocasións a Marrocos, atraído pola luz e as cores dese país. En concreto, o obxectivo desta viaxe a Marrocos era acompañar un escritor e tomar apuntamentos para ilustrar un libro con litografías. Descoñecemos se esta pintura a realizou a partir do natural ou xa no estudo, baseándose nos seus apuntamentos. Talvez o máis salientábel neste lenzo é a luz cegadora que xorde do mesmo, reforzada pola presenza das sombras na porta e na muralla da cidade.

Naqueles que se desprazan á cidade histórica de Meknès, o equivalente do limiar esperado polo peregrino de Santiago é sen dúbida a cidade próxima de Moulay Idriss, que acolle o santuario do fundador da dinastía idrísida, Idriss I, descendente de Mahoma.

Edvard Munch  
*Gansos nunha horta*, c. 1911

Óleo sobre lenzo. 90 x 68 cm  
Colección Carmen Thyssen-Bornemisza, en depósito  
no Museo Thyssen-Bornemisza, Madrid



*A gran oca está na casa 64 pero nunca se numera. Ela garda a sabedoría secreta, é a fin do camiño. Acaba o camiño dun iniciado para comenzar o de alguén a quen o traxecto no tempo e no espazo converteu en máis sabio.*

---

O tema dos animais de granxa e, mais concretamente, dos gansos aparece en varias obras de Edvard Munch. *Gansos nunha horta* é unha obra realizada nunha época en que o pintor volve utilizar un colorido luminoso e vivo, e as súas pinceladas fanse lixeiras, traballando máis a mancha de cor. Nesta obra emprega un forte contraste de cores, entre o negro e o branco e entre o verde e o morado.

Edita  
Fundación Colección Thyssen-Bornemisza

Textos  
Alberto Gamoneda

Coordinación  
Ana Moreno

Diseño gráfico  
Sánchez/Lacasta

Preimpresión  
Lucam

Impresión  
Brizzolis

Todos os dereitos reservados  
© dos textos: os seus autores  
© da presente edición: Fundación Colección Thyssen-Bornemisza

Para as regras do xogo da oca, consultamos a:  
A. Fuentes ©juegodelaoca.com